# DESCRICIÓN DO SENDEIRO

O principal obxectivo do sendeiro, é o descubrimento dos recursos naturais, paisaxísticos e histórico-artísticos da parroquia de **Filgueira**.

O trazado transcorre por parte do antigo **CAMIÑO REAL**, tamén chamado "Vereda Pública" (antiga vía principal de comunicación entre os Reinos de Castela e Galicia). Ó longo do sendeiro o camiñante vaise atopar coa natureza en todo o seu esplendor, variedade e cor:

- Silencioetranquilidadepordoquier...
- Marmurio das augas do regato de Paizás,... e das trece singulares fontes que atopará o camiñante.
- As tranquilas e cristalinas augas do río Miño, que fan de fronteira e unión entre Cortegada (Ourense) e Filgueira - Crecente (Pontevedra), e que dotan a zona que se divisa, dunha singular e apaixonante paisaxe e que está enriquecida polas diferentes especies arbóreas que compoñen variadas fragas.

No percurso do sendeiro atópanse: cruceiros, petos de ánimas, a capela de San Xosé e a Igrexa Parroquial de Filgueira, que data do século XVIII, facendo mención especial á abundante arquitectura popular reflectida en antigas casas grandes hoxe abandonadas, exemplos de outras restauradas, canastros, muíños e pontes.

Son os productos locais referencia obrigada, sendo de destacar: as tetillas de Filgueira (Para visitar ou mercar chamar ó teléfono da queixería 986 653155). E para repoñer forzas en Filgueira pode atopar pan, empanadas e carne de excelente calidade. O sendeirista ó longo do camiño pasará por pequenas poboacións, casas habitadas moitas delas con horta propia, viñas e froiteiras, todo isto aproveitando as características xeográficas e o microclima especial deste lugar.

# DESCRIPCIÓN DEL SENDERO

El principal objetivo del sendero es el descubrimiento de los recursos naturales, paisajísticos e histórico - artísticos de la parroquia de **Filgueira**.

El trazado transcurre por parte del antiguo **CAMIÑO REAL**, también llamado "Vereda Pública" (antigua vía principal de comunicación entre los reinos de Castilla y Galicia). A lo largo del sendero el caminante va a encontrarse con la naturaleza en todo su esplendor, variedad y color:

- Silencio y tranquilidad por doquier ...
- Susurro de las aguas del regato de Paizás, ... y de las trece singulares fuentes que encontrará el caminante.
- Las tranquilas y cristalinas aguas del río Miño, que son frontera y unión entre Cortegada (Ourense) y Filgueira - Crecente (Pontevedra), dotando a la zona que se divisa de un paisaje singular y apasionante, enriquecido por las diferentes especies arbóreas que componen bosques variados.

En el recorrido se encuentran cruceros, "petos de ánimas", la capilla de San José y la Iglesia Parroquial de Filgueira, que data del siglo XVIII, haciendo mención especial a la abundante arquitectura popular reflejada en antiguas casas grandes, hoy abandonadas, ejemplos de otras restauradas, hórreos, molinos y puentes.

Son referencia obligada los productos locales, siendo de destacar las tetillas de Filgueira (Para visitar o comprar llamar al teléfono de la quesería (986 65 31 55) y para reponer fuerzas en Filgueira puede encontrar pan, empanadas y carne de excelente calidad. El senderista, a lo largo del camino, descubrirá pequeños núcleos de población, casas, muchas de ellas con huerta propia, viñas y frutales, todo ello aprovechando las características geográficas y el microclima especial de este lugar.

## FICHA TÉCNICA

DENOMINACIÓN DO SENDEIRO: Circular
INICIO E FIN DO SENDEIRO: Lugar do Forno da Tella - FILGUEIRA (Crecente)
PERCORRIDO: 9,5 Km.
TEMPO APROXIMADO: 4 horas
DIFICULTADE: Media
COTA MÁXIMA: 250 metros
COTA MÍNIMA: 104 metros
Dende a Igrexa ata ó final do sendeiro o percorrido e por estrada local
CARTOGRAFÍA UTILIZADA: Mapa Topográfico Nacional: 1/25.000

**FAUNA:** Xabarins, coellos, raposos, doninelas, esquíos, rolas, pegas, anduriñas, merlos, corvos, troitas...

**FLORA:** Carballos, castiñeiros, acacias, bidueiros, toxos, fentos, acivro...

**FAUNA:** Jabalís, conejos, zorros, comadrejas, ardillas, palomas salvajes, urracas, golondrinas, mirlos, cuervos, truchas...

**FLORA:** Robles, castaños, alcacias, abedules, tojos, helechos, acevo...

## SINALIZACIÓN / SEÑALIZACIÓN




## Signos convencionais / convencionales




## Teléfonos de interese

C.I.P.-TUR (Centro de Iniciativas Turísticas e Central de Reservas): 986 65 23 82
Concello de Crecente 986 66 63 00
Bar LA RUTA 986 65 30 10
Panadería 986 65 30 50
Queixería 986 65 31 55
Carnicería 986 65 30 06
Tenda 986 65 31 20
Urxencias 061
Incendios 085
Taxi 986 65 30 10 / 620 410 696

## Colaboraron:

Asociación de veciños de Filgueira

Comunidade de Montes de Filgueira

Asociación Xuvenil «Xolda»

Paradanta · LEADER II · C.I.P.-TUR · A PARADANTA · Concello de Crecente

**Coa participación dos alumnos do curso de técnicos de sendeirismo do 2001.**

